



Datos Do Expediente:

SOLICITUDE XENERICA (TX-01)		
Unidade Tramitadora:		
Promocion Economica – MCLS		
Número expediente:	Documento:	
 ECO/2024/9	 ECO18I009L	
591F 4Z3V 6N0E 2939 10QY		
		

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE FERROL, EUME Y ORTEGAL EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

CAPITULO 1: Identificación das persoas subscritoras do convenio e capacidade xurídica

Dunha parte: Dona Marián Ferreiro Díaz con DNI: 32662709H, que actúa en nome e representación do Concello de Narón, con CIF. P-1505500-G, na súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.

Doutra parte: Alma Yadira Tenreiro López, con DNI: 32697282E, que actúa en representación da entidade Asociación de Jovenes Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegal, con domicilio social en Cantón de Molíns, 8, Ferrol, con CIF G15912520, na súa condición de Presidente/a da entidade.

CAPÍTULO 2. Fundamento do Convenio

A entidade Asociación de Jovenes Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegal nace no ano 2003 como unha entidade sen ánimo de lucro que está formada por un grupo de preto de 100 socios emprendedores/as.

O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo programas que apoian o autoemprego, polo que, no marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das súas liñas estratéxicas, manifesta o seu compromiso de promover as iniciativas e actividades que contribúan no desenvolvemento económico do municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da continuidade deste compromiso, o impacto positivo na poboación desta actuación e a existencia de crédito suficiente



nos orzamentos municipais do Concello de Narón, ve a necesidade de formalizar un convenio co a entidade idónea para o desenvolvemento do programa indicado, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello.

O presente convenio de colaboración fundaméntase na misión da Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegal de promover o emprendemento e fortalecer o tecido empresarial nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. En liña con este propósito, establécese este acordo co Concello de Narón para impulsar proxectos que fomenten o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais, faciliten o acceso a recursos e formación, e xeren un ecosistema emprendedor inclusivo que contribúa ao progreso económico e social. Dada a especificidade do colectivo, a falta de entidades especializadas en traballar con el, e que contén con recursos e a infraestrutura necesaria, resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución do programa.

Este convenio está recollido no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026.

CAPÍTULO 3. Obxecto

O obxecto do convenio é formalizar a colaboración entre AJE Ferrolterra e o Concello de Narón para o desenvolvemento de actividades que incentiven o emprendemento e o crecemento económico no municipio.

Mediante este acordo, ambas partes buscan crear un programa de apoio ao emprendemento que inclúa asesoramento, financiamento en condicións preferentes, formación específica e actividades de networking, dirixidas tanto a empresarios consolidados como a novos emprendedores e xente nova en idade escolar. Estas actividades, desenvolvidas ao longo do ano, estarán orientadas a facilitar a creación de novas empresas, mellorar a competitividade do tecido empresarial local e estimular a economía do municipio.

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre **o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de xullo de 2024.**

CAPÍTULO 4. Descrición do convenio:

A colaboración entre AJE Ferrolterra e o Concello de Narón contempla unha serie de actividades organizadas e dirixidas por AJE Ferrolterra, incluíndo:

1. Asesoramento e consultoría: AJE Ferrolterra proporcionará asesoramento técnico e económico-fiscal aos emprendedores do Concello de Narón para facilitar os procesos de creación e consolidación das súas empresas.
2. Acceso a financiamento preferente e subvencións: A asociación brindará información e acceso a axudas, subvencións e préstamos que se ofrezan en condicións preferentes, co fin de facilitar a estabilidade e crecemento de novos negocios.
3. Formación especializada: En función das necesidades do tecido empresarial, ofreceranse cursos de formación en xestión, técnicas administrativas, e promoción da cultura empresarial, así como xornadas informativas dirixidas a emprendedores potenciais.
4. Actividades de Networking: Organizaranse encontros de networking e feiras de emprendemento para fortalecer as relacións profesionais entre empresarios de Narón e da comarca, xerando novas oportunidades de colaboración e visibilización das empresas locais.
5. Proxectos educativos para a mocidade: Implementarase o programa “Emprende Xove-Minimarket”, dirixido a estudantes de secundaria e formación profesional, co obxectivo de fomentar o interese polo emprendemento e desenvolver habilidades clave para a creación de proxectos empresariais dende idades temperás.
6. Promoción e visibilidade do sector primario: Organizaranse charlas e actividades que dean a coñecer as oportunidades do sector primario en Narón, facilitando un espazo de reflexión e debate sobre a súa importancia para a economía local.

AJE Ferrolterra disporá dos recursos materiais e humanos necesarios para a implementación destas actividades.

Durante o período de vixencia do convenio, o Concello de Narón achegará:

- A achega económica reflectida no capítulo 6.
- Recursos humanos: asesoramento técnico-administrativo en todo o



relacionado co contido do convenio.

Durante o período de vixencia do convenio, a entidade achegará:

- Infraestruturas necesaria para o desenvolvemento do programa, nos períodos que abrangue o convenio.
- A contratación do persoal, salarios e seguridade social, necesario no marco da normativa aplicable vixente.
- Achega dos materiais, recursos e equipamento que fose preciso.
- Organización, xestión e execución do proxecto conveniado.

CAPÍTULO 5. Obrigas

Son obrigas da ASOCIACIÓN DE JOVENES EMPRESARIOS DE FERROL, EUME E ORTEGAL:

1º.- Acreditar **antes da aprobación do convenio** de colaboración a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do proxecto ou proxectos a desenvolver, incluído un orzamento estimativo de gastos e ingresos:
 - Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
 - Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
 - Número de beneficiarios desagregados por sexo.
 - Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
 - Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
 - Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.
- Declaración responsable de estar legalmente constituída e inscrita no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados (Anexo A1)
- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calesqueira outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos



mesmos programas e actividades (Anexo A2).

- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).
- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e da Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11,12 e 13)

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización

- Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).
- Modelo T-TES-01, do Concello de Narón, de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fose modificados, ou documento municipal que o substitúa.
- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias (Anexo A6).

2º.- Realizar os programas e actividades obxecto deste convenio.

3º.- Presentar a seguinte documentación para a **xustificación do convenio, ata o día 05/12/2024**, segundo o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón:

- Pequena memoria das accións desenvolvidas. A memoria de actividades deberá contemplar a estrutura descrita no Anexo A7.
- Certificación expedida polo/a Secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto do convenio.
- Relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación



do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago (Anexo A9).

- Declaración responsable do/a Presidente/a de que os usuarios/as das actividades obxecto desta axuda están cubertos por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axitadamente ditas continxencias (Anexo A6).
- Publicitar en galego a subvención recibida seguindo as seguintes normas:
 - No local da entidade deberá figurar na entrada ou recepción unha placa ou cartel, visible, indicando a colaboración do Concello de Narón coa expresión do escudo do concello e a lenda “Entidade cofinanciada polo Concello de Narón no ano 2024” segundo o modelo do Anexo 10. No caso de campañas informativas, documentación propia de cada actividade, publicidade web, etc., a entidade deberá de utilizar o mesmo modelo do Anexo 10.
 - A xustificación do cumprimento da publicidade farase mediante fotografía de primeiro plano e fotografía contextual da placa ou cartel na entrada da entidade, exemplares da propaganda impresa e enlace web onde estea inserida a publicidade
- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas coa Seguridade Social, a Agencia Estatal de Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia (Anexos 11, 12 e 13)
No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización
- Declaración responsable do/a Presidente/a sinalando se a entidade obtivo outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares, para a realización dos mesmos programas e actividades (Anexo A2).
- Declaración responsable do/a presidente/a de non concorrência con outras axudas municipais para a mesma finalidade (Anexo 8).
- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvención da Administración públicas previstas no art. 13 da Lei 38/2003 (Anexo A3).



- Declaración responsable do/a presidente/a do non ter obrigas pendentes de pago por reintegro subvencións (Anexo A4).
- Declaración responsable do/a presidente/a de que a entidade cumpre coa normativa vixente en materia de plan de autoprotección, de ser o caso (Anexo A5).

Atendendo ao artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as declaracións responsables correspondentes aos anexos A3, A4 e A5 non será necesario presentalas na xustificación (sempre que se manteña o cumprimento das obrigas ás que fan referencia) porque xa foron achegas no seu momento para a firma do convenio, e o mencionado artigo establece que as declaracións responsables son válidas durante o periodo de tempo inherente ao recoñecemento ou exercizo deste convenio. No caso de producirse algún cambio, este deberá ser comunicado debidamente ao Concello de Narón.

4º.- Outras obrigas

- Someterse ás actuacións de comprobación e control previstas no parágrafo d) do apartado 1 do artigo 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Remitir os informes, certificados e demais documentos que reclame o Concello, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

CAPÍTULO 6. Compromiso económico, obrigas e sistema de abono.

O Concello de Narón realizará unha achega económica de cinco mil euros (**5.000,00€**) que terá a consideración de subvención nominativa e como tal aparece recollida nos orzamentos desta entidade para o presente exercizo con cargo á aplicación orzamentaria 4330-48000. Aboarase nun único pago, unha vez aprobado por Resolución de Alcaldía a xustificación deste convenio, nos termos establecidos na cláusula quinta.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos. O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de



que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente

IMPORTE DO PROXECTO PRESENTADO:	5.450,33 EUROS
IMPORTE CONCEDIDO:	5.000,00 EUROS
IMPORTE MÍNIMO A XUSTIFICAR:	5.450,33 EUROS
IMPORTE MÍNIMO A IMPUTAR:	5.000,00 EUROS

As actividades comprendidas neste convenio desenvolveranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2024**.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, dentro dos que se inclúen a contratación do persoal necesario e os custos dos seus salarios (persoal coordinador), incluída a seguridade social, material para as actividades, os seguros necesarios para a cobertura da realización das actividades, formación e iniciativas empresariais, gastos de xestión, comunicacións, publicidade, cartelería, organización de feiras e outros gastos relacionados directamente coas actividades conveniadas.

Os gastos de investimento que teñan relación directa coas actividades subvencionadas ou necesarios para o seu desenvolvemento e que non foran obxecto dunha subvención específica para a súa adquisición polo Concello de Narón, tamén terán a consideración de gastos subvencionables. A amortización destes gastos, para a inclusión dos mesmos na xustificación da subvención, limitárase a un máximo de 3 anos.

Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado neste convenio, e que se realizou no prazo establecido para o desenvolvemento do mesmo.

Os pagos en efectivo terán que axustarse ao límite que estableza a normativa de aplicación en cada momento.

Deste xeito, melloramos a eficiencia da xestión pública, facilitamos a utilización de medios e servizos públicos e contribuímos á realización de actividades de utilidade pública.



A efectos do disposto no artigo 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e no artigo 75 do R.D.887/2006, do 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, para a xustificación deste convenio presentárase unha conta xustificativa simplificada.

Para dar cumprimento ao que se establece no artigo 75.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 10.1.10 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e á instrución da Intervención Xeral Municipal de data 18 de maio de 2023 na que se establece que o órgano instrutor comprobará o 50% dos xustificantes de gasto dos beneficiarios aplicando o mostraxe aleatorio simple, deixando constancia no expediente mediante informe do seu resultado

CAPÍTULO 7.- Vixencia, revisión e resolución

Vixencia. O presente convenio supón a anulación de calquera convenio de data anterior e terá vixencia dende o **01/01/2024 ao 31/07/2024** referíndose a todas as actividades realizadas dende o comezo da vixencia contidas no texto do documento.

Revisión, causas e contidos. O convenio poderá revisarse cando as circunstancias, finalidade ou obxecto para o que fose concibido variase substancialmente.

Resolución. Nos casos puntuais contemplados na normativa vixente, e cando non se estea a cumprir o obxecto do convenio, interpretado discrecionalmente polo concello de Narón de acordo cos criterios fixados na normativa legal aplicable.

CAPÍTULO 8- Avaliación, seguimento e interpretación:

No caso de detectarse incidencias ou dúbidas no desenvolvemento do convenio, estas serán tratadas a través dunha comisión composta por:

- O/a concelleiro/a de Promoción Económica
- A Técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación
- O/a presidente/a da Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrol, Eume e Ortegá



De persistir as incidencias ou dúbidas, a interpretación das mesmas serán resoltas por Resolución de Alcaldía.

CAPÍTULO 9.- Causas de invalidez da resolución de concesión e reintegro

Serán causas de resolución da concesión da subvención as contempladas no art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no art. 36 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 32 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Serán causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a existencia dos xuros de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos supostos referidos ao artigo 12 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón

CAPÍTULO 10 : Réxime sancionador.

O artigo 13 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón remítese á Lei 9/2007, de 13 de xuño, e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, para as infraccións e sancións. De conformidade co artigo 58.b) da Lei xeral de subvencións constitúe infracción moi grave a non aplicación, en todo ou en parte, das cantidades recibidas aos fins para os que a subvención se concedeu. No artigo 61 da Lei de subvencións de Galicia regúlanse as sancións por infraccións moi graves.

O artigo 66.3 da Lei xeral de subvencións establece que a competencia para impoñer sancións nas corporacións locais corresponde aos órganos de goberno que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local. A dita competencia



correspóndelle ao alcalde en virtude da competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Ao abeiro do artigo 67 da Lei xeral de subvencións, a imposición das sancións en materia de subvencións efectuarase mediante expediente administrativo no que, en todo caso, darase audiencia ao interesado antes de ditarse o acordo correspondente e que será tramitado conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPITULO 11: Réxime de compatibilidades

A subvención concedida a través deste convenio será compatible con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

A subvención concedida a través deste convenio será incompatible con outra subvención para o mesmo proxecto, procedente doutra área ou doutra concellería do Concello de Narón.

CAPÍTULO 12: Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa, subscribíndose no ámbito de aplicación de:

- Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local
- R.D.L 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro que aproba o regulamento da Lei 9/2007
- Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.
- Bases de Execución do vixente orzamento.

A subscrición do presente convenio non ten carácter contractual e non implicará relación contractual algunha entre o Concello de Narón e as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do conveniado.

O Concello de Narón será titular dos resultados obtidos no desenvolvemento deste programa.

Serán competentes para coñecer de cantos litixios puideran xurdir entre as partes, como consecuencia do presente convenio, os Xulgados do Orde Xurisdiccional Contencioso- Administrativo de Ferrol.

Para aqueles aspectos non previstos neste convenio será de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións; na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; na Ordenanza Xeral de Subvencións do concello de Narón; e nas Bases de execución do orzamento do exercicio 2024.

CAPÍTULO 13. Base de Datos Nacional de Subvencións

Este convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) seguindo as indicacións do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se



CONCELLO DE NARÓN

regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

E en proba de conformidade co anterior asinan este documento e a un só efecto, en Narón na data de sinatura do documento.

Polo Concello de Narón
A Alcaldesa-Presidenta

Pola Asociación
A Presidenta

Marian Ferreiro Díaz

Alma Yadira Tenreiro López



ANEXO A1

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo
.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade que represento está legalmente constituída.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO A2

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
..... con CIF:
..... e enderezo
.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

☐ Que a entidade NON SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.

☐ Que a entidade SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento do/a subvención/ convenio.

Relación de axudas, subvencións, ingresos obtidos.

ENTIDADE	IMPORTE	ESTADO (1)

☐ Que para o financiamento do/a convenio/subvención, a entidade realiza a seguinte achega
(Marcar sempre, aínda que o importe sexa 0 euros)

DESCRICIÓN	IMPORTE
FONDOS PROPIOS (poñer sempre)	

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



ANEXO A3

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade nin o declarante están incursos nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarios ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a _____ de _____ de 2._____

Asdo.: _____



ANEXO A4

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade non é debedora de obrigas por reintegro de subvencións.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2.____

Asdo.: _____



ANEXO A5

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que o local da entidade que represento no que se desenvolven as actividades obxecto de subvención/convenio CUMPRE coa normativa vixente en materia de plans de autoprotección.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2.____

Asdo.: _____



ANEXO A6

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo
.....

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os usuarios/as das actividades obxecto desta subvención /convenio **ESTÁN CUBERTOS** por un seguro de responsabilidade civil e/ou accidentes, que cubre axeitadamente ditas continxencias, que dispoño da documentación que así o acredita e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o exercicio das actividades.

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se comprometo a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____



ANEXO A7

Memoria de actividades.Xustificación

Deberase cubrir unha memoria por actividade subvencionada/conveniada

1. Datos da actividade

Denominación

--

Descrición

--

2. Fundamentación

2.1. Fundamentación legal da actividade

--

2.2. Fundamentación institucional da actividade

--

2.3. Fundamentación técnica da actividade

--

3. Obxectivos

3.1. Obxectivo xeral

--



3.2. Obxectivos específicos

4. Indicadores de avaliación (se procede)

5. Calendario de realización

--

6. Lugar de execución

--

7. Destinatarios/as

--

8. Metodoloxía/organización da actividade

--

9. Recursos humanos

Nome, apelidos e DNI da persoa ou persoas que desenvolve a actividade	Custe inicial	Custe final
Total custe dos recursos humanos		



CONCELLO DE NARÓN

10. Recursos materiais	Custe inicial	Custe final
Nome instalación:		
Materiais:		
Equipamentos:		
Subcontratación da actividade (nome da empresa):		
Total custe recursos materiais		

11. Resumo de custes	Custe inicial	Custe final
Total recursos humanos		
Total recursos materiais		
Total recursos humanos + materiais		

12. Ingresos	Cantidade
Ingresos por taxas, cotas, etc...por participar nesta actividade	
Ingresos por subvencións/convenios (indicar a cantidade por cada organismo)	
Ingresos propios da entidade (indicar a cantidade e orixe do ingreso)	
Total Ingresos	

13. Resultados

14. Proba documental da publicidade efectuada sobre o cofinanciamento da actividade
☐ Fotografía de primeiro plano do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Fotografía contextual do cartel abicado na instalación da entidade (obrigatoria)
☐ Dirección web da publicidade en internet (indicar cal)
☐ Outra publicidade efectuada (indicar cal)

15. Observacións ou comentarios



ANEXO A8

Dña con DNI:
....., en calidade de Presidente/a da entidade
.....
con CIF: e enderezo

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

☐ Que NON EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

☐ Que EXISTE concorrencia con outras axudas municipais para financiar o obxecto desta subvención/convenio.

Relación de axudas.

AREA	IMPORTE	ESTADO (1)

Que, de acordo co artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención do recoñecemento desta axuda/subvención/convenio que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición do Concello cando lle sexa requirida, a que se compromete a manter o cumprimento das anteiores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio.

_____, a ____ de _____ de 2. ____

Asdo.: _____

(1) Solicitada/Ingresada/Pendente



CONCELLO DE NARÓN

ANEXO A9

Relación clasificada dos gastos e inversión da actividade, con identificación do emisor e do documento, importe, data de emisión e data de pago:

Entidade:
Ano:
Actividade conveniada

Nº	Fra. Nº	Titular da fra.	Concepto gasto	Importe total fra.	Importe da fra. destinado ao proxecto	Importe imputado ao convenio	Data de emisión	Data de pago	Forma de pago ¹
1				€	€	€			
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
Total gasto xustificado						€	€		

¹Transferencia, M=Metálico, C=Talón/Cheque

ANEXO A10



ENTIDADE COFINANCIADA POLO CONCELLO DE NARÓN NO ANO 2_____

ANEXO 11

**AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA O CONCELLO DE NARON POIDA RECABAR
DATOS DA SEGURIDADE SOCIAL DE ESTAR O CORRIENTE NO CUMPRIMENTO
DAS SUAS OBRIGAS CON ESTA ENTIDADE (CONCESIÓN DE AXUDAS E
SUBVENCÍONS)**

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Tesourería xeral da Seguridade social, os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas coa seguridade social**, para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano ----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 11 da LOPD , previa autorización do interesado, a cesión dos datos de que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SINATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTÍGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE: REPRESENTANTE:	
SINATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**

ANEXO 12

**AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA
RECABAR DATOS DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA DE
ESTAR AO CORRIENTE NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS
(CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)**

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTÍCULO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.

ANEXO 13

**AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE NARON POIDA
RECABAR DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA DE ESTAR AO CORRIENTE
NO CUMPRIMENTO DAS SUAS OBRIGAS
(CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCÍONS)**

A persoa abaixo asinante autoriza ao **CONCELLO DE NARON** a solicitar da Axencia Tributaria de Galicia os datos relativos ao **cumprimento das súas obrigas tributarias** para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para a tramitación do convenio do ano----

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación do disposto no *artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria* que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO SOLICITANTE DA SUBVENCIÓN/AXUDA DETALLADA

APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	
NIF	
SIGNATURA (SÓ NO CASO DE PERSOAS FÍSICAS)	

B.- DATOS DO AUTORIZADOR (SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTÍCULO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

APELIDOS E NOME	
NIF	
ACTÚA EN CALIDADE DE REPRESENTANTE:	
SIGNATURA	

En Narón, a

NOTA: a autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao **CONCELLO DE NARON**.



CONCELLO DE NARÓN

MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA COMPLEMENTARIA DA RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS E INVERSIÓNS (deberá presentarse un documento por cada actividade conveniada)

Entidade:
Ano:
Actividade conveniada:

	Orzamento inicial	Orzamento final	Desviación (diferenza entre orzamento inicial e final)
Gastos			

_ __, a _ de __ de 2. _

Asdo o/a Presidente/a: ____